



CONCELLO DE CAMPO LAMEIRO

Pr. Pontevedra, 1 -36110 Campo Lameiro
P-3600700-C

BANDO

A OMIX DE CAMPO LAMEIRO É CENTRO EXPENDEDOR DO CARNÉ XOVE

A partir deste mes a Oficina Municipal de Información Xuvenil (OMIX) de Campo Lameiro converteuse en centro expendedor do Carné xove, que é unha tarxeta persoal e intransferible á disposición da mocidade galega, que a acredita como tal, e coa que obtén descontos e vantaxes das entidades colaboradoras en Galicia, no resto das comunidades autónomas españolas e nos 40 países europeos adheridos ao programa do Carné Xove, e coa que se pode participar nos sorteos semanais que organiza a Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado.

QUEN PODE FACELO:

Todas as mozas e mozos entre 12 e 30 anos, ambos os dous inclusive. A vixencia é de dous anos a partires da data de expedición (e sempre sen superar os 30 anos, inclusive).

COMO FACELO:

Tes que acudir as Oficinas da Omix, no Concello, e cubrir un impreso de solicitude, acreditando a túa identidade co DNI ou pasaporte e pagar 6€ mediante o impreso das taxas

En Campo Lameiro, 15 de decembro de 2011.



Asdo: Julio Sayáns Bugallo
Alcalde de Campo Lameiro